

serolóxica para a detección dos anticorpos do grupo do virus da febre catarral ovina, con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras tomadas, como mínimo, 28 días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

2) Que fosen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, 14 días antes da data do traslado e fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou unha proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuado con mostras de sangue tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

3) No caso de animais vacinados:

a) Que se trate de ovinos vacinados con vacina viva atenuada contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento.

b) Se se trata de animais vacinados con vacina inactivada durante o período de circulación viral, os animais obxecto de movemento deberán cumprir os requisitos que a seguir se describen para poder realizar o traslado:

1.º Animais da especie bovina con destino para a vida: deberán transcorrer 60 días desde a aplicación da segunda dose vacinal ou ben realizar unha toma de mostra a partir dos 25 días da aplicación da segunda dose vacinal, para a realización dun PCR con resultados negativos sen que sexa necesario o illamento. Unha vez efectuada unha destas condicións, o prazo máximo para o movemento será de 6 meses desde a aplicación da segunda dose vacinal.

2.º Animais da especie ovina con destino para a vida: para autorizar o movemento deberán transcorrer 30 días desde a aplicación da segunda dose vacinal en caso de vacinas para aplicar en dúas doses, ou 30 días despois da aplicación da dose única no caso de vacinación para aplicar cunha soa dose. O prazo máximo para o movemento será de 1 ano ou de 6 meses respectivamente.

4) Que se trate de ovinos non vacinados de ata 2 meses de idade nados de femias vacinadas, con destino a ceba, caso en que os animais só se poderán destinar a cebadeiros autorizados polas autoridades competentes de destino.

ANEXO II

Clasificación de zonas en función dos datos de actividade de Culicoides imicola adultos

A. Zona restrinxida:

A.1 Zona estacionalmente libre.

Provincia de Ciudad Real.

Provincia de Toledo: as comarcas de Almorox, Gálvez, Madrudejos, Mora, Los Navalmorales, Ocaña, Oropesa, Quintanar de la Orden, Talavera de la Reina, Toledo, Torrijos e Yuncos.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Las Navas del Marqués, Navalunga e El Barco de Ávila.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Provincia de Cáceres: as comarcas veterinarias de Coria, Valencia de Alcántara e Zorita.

Provincia de Badajoz: a comarca veterinaria de Herrera del Duque.

A.2 Zona estacionalmente libre.

Provincia de Toledo: a comarca de Belvís de la Jara.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Sotillo de La Adrada, Candeleda, Arenas de San Pedro e Cebreros.

Provincia de Cáceres: as comarcas veterinarias de Plasencia, Trujillo, Cáceres e Navalmoral de la Mata.

Provincia de Badajoz: as comarcas veterinarias de Zafra, Azuaga, Castuera, Jerez de los Caballeros, Badajoz e Mérida.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Arganda del Rey, Villarejos de Salvanés, Alcalá de Henares, Torrelaguna, Colmenar Viejo e municipio de Madrid.

Provincia de Jaén: a comarca veterinaria de Andújar, Jaén, Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Córdoba: as comarcas veterinarias Montoro, Pozoblanco, Hinojosa del Duque, Peñarroya-Pueblo Nuevo, Posadas, Montilla, Lucena e Baena.

Provincia de Sevilla: as comarcas veterinarias de Lebrija, Marchena, Osuna, San Lúcar la Mayor, Utrera, El Ronquillo, Cazalla, Cantillana, Carmona e Écija.

Provincia de Cádiz: as comarcas veterinarias de Litoral, Campiña, La Janda e Sierra de Cádiz.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Ronda, Estepona e Antequera.

Provincia de Huelva: a comarca veterinaria de Cartaya.

A.3 Zona estacionalmente libre.

Provincia de Huelva: as comarcas veterinarias de Cortegana, Aracena, Puebla de Guzmán, Valverde del Camino, La Palma del Condado e Almonte.

Provincia de Badajoz: Don Benito.

A.4 Zona non estacionalmente libre.

Provincia de Málaga: as comarcas veterinarias de Málaga, Cartama e Vélez Málaga.

Provincia de Cádiz: a comarca veterinaria de Campo de Gibraltar.

Cidades de Ceuta e Melilla.

B. Zona libre: o resto do territorio nacional.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

1613 *ORDE ITC/71/2007, do 22 de xaneiro, pola que se modifica o anexo da Orde do 28 de xullo de 1980, pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares.* («BOE» 23, do 26-1-2007.)

A certificación dos captadores solares planos de baixa temperatura iniciouse no noso país en 1980, como resposta tecnolóxica ante a primeira crise do petróleo. O Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial (INTA) desenvolveu normas propias para ensaio dos captadores.

As normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares aínda en vigor son as que se conteñen no anexo da Orde do 28 de xullo de 1980, pola que se aproban as normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares. Neste anexo recolleuse a terminoloxía e o método de ensaio dos captadores solares para efectos da súa certificación.

O Plan de Enerxías Renovables (P.E.R.) en España (2005-2010), aprobado o 26 de agosto de 2005, supón un

forte impulso ao desenvolvemento da enerxía solar de baixa temperatura, fundamentalmente para a produción de auga quente sanitaria.

Para acadar en 2010 o obxectivo previsto no dito plan, a instalación de 4,5 millóns de metros cadrados de captadores, é necesario avanzar no desenvolvemento tecnolóxico para incrementar a implantación de novas instalacións, así como para ampliar o seu espectro de aplicacións.

Nos últimos anos foron publicadas pola Asociación Española de Normalización e Certificación (AENOR) as normas voluntarias UNE-EN 12975, sobre captadores solares, e UNE-EN 12976, sobre sistemas prefabricados, transposición das Normas Europeas (EN) elaborados no seo do Comité Europeo de Normalización (CEN). Estas normas teñen por obxecto especificar os métodos de ensaio de durabilidade, fiabilidade e seguranza de captadores solares e sistemas solares prefabricados.

Por outra banda, como consecuencia das obrigas que para os Estados membros derivan do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea (TCE) en relación coa consecución e perfeccionamento do mercado interior deben ser adecuadamente modificadas aquelas disposicións que conteñan requisitos ou condicións que dificulten a comercialización en España de captadores solares térmicos fabricados e comercializados legalmente noutro Estado membro.

Neste sentido faise necesario adecuar a regulación vixente nesta materia ao novo marco normativo establecido pola Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e o Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguranza industrial, que desenvolve, a primeira, normas a través das cales se adapta a regulación da actividade industrial ás exixencias derivadas da nosa pertenza á Unión Europea e, en particular, da constitución do mercado interior.

Para acadar estes obxectivos, mediante a modificación do anexo da vixente Orde do 28 de xullo de 1980 actualízase a norma de calidade aplicable a captadores solares, regúlanse as condicións aplicables a sistemas solares prefabricados e, por outra banda, determínanse as condicións que deberán cumprir os laboratorios acreditados e os organismos de certificación neste ámbito.

Na elaboración da orde que se aproba realízase o preceptivo trámite de audiencia e, así mesmo, o correspondente proxecto foi remitido á Comisión Europea de acordo co previsto no Real decreto 1337/1998, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, que incorpora á normativa española a Directiva 98/34/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño de 1998, modificada pola Directiva 98/48/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xullo de 1998.

Na súa virtude dispoño:

Artigo único. *Substitución do anexo da Orde do 28 de xullo de 1980.*

O anexo da Orde do 28 de xullo de 1980, pola que se aproban normas e instrucións técnicas complementarias para a homologación de paneis solares, substitúese polo que se insire a continuación.

Disposición adicional primeira. *Validez das resolucións de certificación vixentes.*

As resolucións de certificación vixentes á entrada en vigor desta orde, seguirán sendo válidas e eficaces ata a

data da súa caducidade, a partir da cal deberán adaptarse ao que nesta orde se establece.

Disposición adicional segunda. *Recoñecemento mutuo.*

As referencias a normas que se realizan nas normas e instrucións técnicas complementarias que se modifican por esta orde, entenderanse sen prexuízo de que sexan aceptadas as correspondentes emitidas polos Estados membros da Unión Europea ou Turquía, ou nun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, sempre que recoñeza a Administración pública competente que se garante un nivel de seguranza das persoas, dos bens ou do ambiente equivalente, cando menos, ao que proporcionan aquelas.

Disposición transitoria primeira. *Prazos de exhibibilidade dos ensaios establecidos na norma UNE-EN 12975.*

1. Durante os doce meses posteriores á entrada en vigor desta orde, para a certificación dos captadores solares de quentamento líquido, será necesario o ensaio de eficiencia, realizado segundo a norma UNE-EN 12975. A realización da serie completa de ensaios establecidos na norma UNE-EN 12975 será voluntaria.

2. Transcorrido un ano desde a entrada en vigor desta orde, para a certificación dos captadores solares de quentamento líquido, exixirase a realización da serie completa de ensaios previstos na norma UNE-EN 12975.

Aqueles captadores que realizen unicamente o ensaio de eficiencia, acolléndose ao punto 1 desta disposición transitoria, unha vez superado o período de vixencia da súa certificación, deberán realizar a serie completa de ensaios da norma UNE-EN 12975 para obter a renovación desta.

Disposición transitoria segunda. *Prazos de exhibibilidade dos ensaios establecidos na norma UNE-EN 12976.*

Durante os doce meses seguintes á entrada en vigor desta orde, para a certificación dos sistemas solares prefabricados, aceptaranse os ensaios do captador de forma independente do sistema e como tal poderanse certificar.

Transcorrido o dito prazo, todos os sistemas solares prefabricados deberán presentar os ensaios establecidos na norma UNE-EN-12976.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 22 de xaneiro de 2007.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

ANEXO

Normas e instrucións técnicas complementarias

1. Normas UNE-EN aplicables

Para efectos da súa certificación, aos captadores solares de quentamento líquido e aos sistemas solares térmicos de quentamento prefabricados, seranlles exixibles, respectivamente, as normas UNE-EN 12975 e UNE-EN 12976, seguindo o establecido no apéndice do anexo desta orde.

2. Laboratorios acreditados

Para os efectos que se regulan, consideraranse como laboratorios acreditados os que cumpran os requisitos establecidos na norma UNE-EN-ISO/IEC 17025 e estean

acreditados por entidades reguladas no capítulo II, sección 2.^a do Regulamento da infraestrutura para a calidade e seguraza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro, ou por calquera outro organismo de acreditación asinante do Acordo Multilateral de Recoñecemento da «European Cooperation for Accreditation» (EA).

Aceptaranse, así mesmo, os informes dos ensaios realizados por laboratorios acreditados por outros Estados membros ou Turquía, ou nun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, sempre que recoñeza a Administración pública competente que se ofrecen as garantías técnicas, profesionais e de independencia equivalentes ás exixidas pola lexislación española.

3. Calidade de produción

Para garantir a calidade de produción dos produtos incluídos no ámbito de aplicación destas normas e instrucións técnicas complementarias, poderase presentar o certificado de conformidade respecto da norma UNE-EN ISO 9001 do sistema de xestión da calidade establecido no lugar de fabricación e na planta de ensamblaxe dos captadores ou sistemas, emitido por un organismo de acreditación dun Estado membro ou Turquía, ou nun Estado integrante da Asociación Europea de Libre Comercio que sexa parte contratante do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, ou ben garantir o cumprimento do mesmo nivel de calidade por calquera outro medio apropiado, sempre que recoñeza a Administración pública competente que se garante un nivel de seguraza das persoas, os bens ou o ambiente equivalente, cando menos, ao que proporciona aquela.

APÉNDICE

Ensaio que se van realizar en función do tipo de captador:

1. Os captadores solares de quentamento líquido, con carácter xeral, deberanse ensaiar segundo o establecido na norma UNE-EN 12975.

2. Se o fabricante produce o mesmo tipo de captador pero en diferentes longos e/ou largos, todos os captadores son considerados unha familia e soamente se debe ensaiar unha mostra do tamaño máis pequeno e outra do tamaño maior. O captador de maior tamaño debe ser sometido a todos os ensaios requiridos en UNE-EN 12975-1, punto 5.2, e o captador de menor tamaño debe ser sometido ao ensaio de rendemento térmico (punto 6 de UNE-EN 12975-2).

A curva de eficiencia utilizada para esta familia debe ser a que abrangue a área máis pequena baixo a curva de eficiencia para os dous captadores ensaiados, é dicir, a curva máis desfavorable.

O informe de ensaio correspondente á familia de captadores debe incluír un anexo técnico que especifique a familia de captadores ensaiada: modelo, dimensións e área de apertura de cada un deles.

3. Os captadores construídos á medida (encastrados, integrados no tellado que non comprenden módulos realizados en fábrica e sexan montados directamente no lugar da instalación) son tratados como se describe no punto 1 da norma UNE-EN 12975-1: ensáíase un módulo coa mesma estrutura que o captador instalado cunha superficie total de, cando menos, 2 m². O fabricante ten que explicar a conformidade do módulo ensaiado co resto da súa produción e debe prover unha descrición detallada dos compoñentes.

4. Os captadores moi grandes (superiores a 4 m²) poden ser tratados como os construídos á medida se non é posible o ensaio do captador completo.

MINISTERIO DE XUSTIZA

1810 *REAL DECRETO 45/2007, do 19 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento da organización e réxime do notariado, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944. («BOE» 25, do 29-1-2007.)*

I

No relativo ao exercicio da fe pública notarial, como función e servizo público, así como no estatuto dos notarios producíronse nos últimos anos unha serie de modificacións que aconsellan sobradamente unha reforma do vixente regulamento notarial, aprobado polo Decreto do 2 de xuño de 1944, polo que se aproba con carácter definitivo o Regulamento da organización e réxime do notariado.

Así, tales modificacións concréntanse, entre outras, en cuestións tan importantes como a integración dos corretores de comercio colexiados no corpo único de notarios efectuada pola Lei 55/1999, do 29 de decembro; a aprobación dun novo réxime disciplinario notarial, realizada pola Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social; a incorporación das novas técnicas telemáticas e informáticas á función pública notarial, producida pola lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, a Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica e a Lei 24/2005, do 18 de novembro, de reformas para o impulso á produtividade, a Lei 36/2006, do 29 de novembro, de medidas para a prevención da fraude fiscal, no que modifica os artigos 17, 23 e 24 da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862 e a desaparición do réxime mutuo como sistema de previsión social dos notarios producida polo artigo 41 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, desenvolvido polo Real decreto 1505/2003, do 28 de novembro, polo que se establece a inclusión dos membros do corpo único de notarios no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

As anteriores reformas exixen unha profunda revisión do regulamento notarial xa que este, sen prexuízo da Lei do notariado, do 28 de maio de 1862, se constitúe no estatuto funcional do notario, así como da súa organización corporativa, sen esquecer, evidentemente, que no devandito regulamento se regula o modo de prestación da función pública notarial.

En calquera caso, a reforma non altera a estrutura do vixente regulamento notarial senón que, acomodándose a este, procede a modificar todos aqueles artigos que polas reformas expostas e polo transcurso do tempo quedaron obsoletos.

As modificacións pódense agrupar en tres bloques: estatuto do notario, como funcionario público; formas documentais e prestación da función pública notarial e organización corporativa do notariado.

II

No relativo ao estatuto do notario débense distinguir, pola súa vez, dous grandes puntos: o seu carácter, requisitos para o exercicio da función e réxime funcional, dun lado, e réxime disciplinario, doutro.

No relativo ao primeiro punto as reformas, esencialmente, céntranse en resaltar a independencia do notario no exercicio da súa función pública e o dereito a elixir libremente notario sen máis limitacións que as previstas no ordenamento xurídico (artigos 1 e 3), así como en regular con maior concreción o seguro de responsabilidade civil como medio de que o usuario do servizo